



# día internacional da danza

programación especial  
abril 2015

venres 24 de abril



BAGOAS DANZA CONTEMPORANEA

## SUEÑOS EN MOVIMIENTO II |

Moitos estilos unidos pola DANZA. Nesta segunda edición de Sueños en movimiento, participarán compañías e grupos profesionais de distintos estilos: bollywood, danza do ventre, hawaiano e tahitiano, danza contemporánea, jazz contemporáneo, danza española, ballet clásico, salsa, bachata, danzas do mundo e claqué.

Participantes: Raquel Piñeiro, bailarina

profesional da Compañía Nacional de Caracas; Marián Argüelles, profesional coruñesa das danzas orientais; Danzarte Betanzos; Danzalia Mundi; Domingos Magalhaes; Verónica Sexto; Tania Arias; Tania Bellydance; Enrique e Carmina e Lúa Centro de Danza

Hora: 21:00 h / 60 minutos

Entrada: libre ata completar a capacidade

sábado 25 de abril



ASOCIACIÓN CULTURAL DONAIRE DANZA TRADICIONAL

## VI FESTIVAL INFANTIL BERCE DE DONAIRE |

No décimo aniversario da A.C. Donaire, organizáronse varias actividades, unha delas o festival infantil "O Berce de Donaire", unha idea que nace pola inqueданza de que as e os cativos tamén teñan o seu espazo para amosaren todo o que aprenden na asociación, xa que, polo xeral, os grupos de nenas/os quedan relegados a un segundo plano e merecen ter tamén o seu protagonismo. Xa chegaron nestes cinco anos grupos de gran parte da xeografía galega e o 25 de abril chega a sexta edición, en que a numerosa

escola da Asociación Cultural Donaire estará acompañada pola canteira de Queiroa de Sada e Cántigas e Frores de Lugo. Agardamos que, co esforzo de moita xente, aínda queden moitos anos para desfrutarmos de "O berce de Donaire".

Participantes: Canteira de Queiroa (Sada), Cántigas e Frores (Lugo) e Escola da Asociación Cultural Donaire

Hora: 17:30 h / 120 minutos

Entrada: 3,00 € (carné xove, maiores de 65 anos e persoas desempregadas 2,00 €)

# día internacional da danza

programación especial  
abril 2015

mércores 29 de abril



ASOCIACIÓN CULTURAL XACARANDAINA DANZA TRADICIONAL

## XACARANDAINA NA RÚA (SE CHOVE, ÁGORA)

PARQUE DE MARTE - PRAZA DE MARÍA PITA (POLA PRAZA DE ESPAÑA)

RÚA HISTORIADOR VEDÍA - PRAZA DE MARÍA PITA (POR SANTO ANDRÉ)

PRAZA DE OURENSE - PRAZA DE MARÍA PITA (POLOS CANTÓNS)

Xacarandaina nace no ano 1978 co obxectivo do disfrute do tempo de lecer a través do baile e da música da nosa terra. Comeza sendo unha asociación xuvenil, para se converter no ano 2008 en asociación cultural. Actualmente, está formada por unhas 1.000 persoas e conta con actividades moi diversas, durante todos estes anos, a asociación foi pioneira na organización de eventos como o Día Da Muiñeira na Coruña ou o Concurso de Música e Baile Tradicional, ao que acoden

rapaces de toda Galicia e incluso de casas galegas da Península. Ademais, a través do Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina, dirixido por Henrique Peón, participa en festivais internacionais, co que contribúe así á divulgación do noso folclore por todo o mundo (Francia, Ucraína, Hungría, Italia...)

Coreografía e interpretación: **Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina**

Hora: 19:00 h / 90 minutos

Entrada: libre ata completar a capacidade

mércores 29 de abril



ENTREMÁNS DANZA CONTEMPORÁNEA

## BLONDY'S COFFEE PEZA SOA PARA DÚAS MULLERES



Dúas mulleres sumidas no tedio refúxianse en estraños pasatempos na procura de novas emocións que lles devolvan a súa propia natureza..., un hábitat onde se encontraren elas mesmas coas súas miserias e as súas grandezas... unha viaxe polo labirinto da mente feminina.

Se a vida é un xogo e do teu estás farto..., na pel de quen gardas as túas lembranzas?

Creación e interpretación:

**Kirenía Martínez e Beatriz Pérez**

Iluminación: **Octavio Mas**

Audiovisual: **Masako Hattori**

Arranxos musicais: **Shlomi Bitton**

Fotografía: **Román Montesinos**

Producción: **Artestudio Xestión Cultural**

Hora: 20:30 h / 50 minutos

Entradas: 10,00 € (carné xove, maiores de 65 anos e persoas desempregadas -20%)



xoves 30 de abril



© Olivier Göirand

HURyCAN DANZA CONTEMPORÁNEA

## JE TE HAIME



Engurrar as nosas peles de tanto rañarnos un contra o outro, curtidos semanas tras anos, descosidos, retecidos e esgazados unha e outra vez. É lento o proceso para, pouco a pouco, chegar a coñecerte, acumulando pegadas e recolectando por mandas os desposos de tensións amontoadas. Capas sucesivas escondidas entre os pregos, á espreita baixo unha codia fráxil, listas para o asalto... ou para enlazarzate. Harmonía ou desacordo..., química inestable onde cada paso ten o potencial de nos proxectar por perendengues interminables, aniquilarnos ti e eu ao nos mirarmos, para non decidirmos finalmente e seguir: ódiote, quérote e pouco a pouco coñézote.

Coreógrafos e intérpretes: **Candelaria Antelo e Arthur Bernard Bazin**

Iluminación: **Candelaria Antelo**

e **Arthur Bernard Bazin**

Música: **Louis Armstrong "Basin Street Blues", Cinematic Orchestra «The Fear Theme», Kid Koala «Basin Street Blues»**

Composición musical: **Candelaria Antelo**

Asesor dramaturxista: **Martín Vaamonde**

Hora: 20:30 h / 35 minutos

Entradas: **tarifa especial: 5,00 € (carné xove, maiores de 65 anos e persoas desempregadas -20%) Acceso gratuito entregando no despacho de billetes o resguardo da entrada do espectáculo**

**BLONDY'S COFFEE PEZA**

**SOA PARA DÚAS MULLERES**

Circuito Danza a Escena 2015

